

SEMPRE HAI UN MAÑÁ

Douglas Sirk, 1955

1611

ESTREA EN NUMAX: 14.10.2025 | V.O.S.E. | 84 min

Clifford Groves (Fred MacMurray) é un fabricante de xoguetes, canso da rutina e coa impresión de non ser debidamente apreciado pola súa muller (Joan Bennett) e os seus fillos. Reencóntrase cunha antiga amiga, Norma Miller Vale (Barbara Stanwyck), á que non ve desde hai vinte anos e a partir de aí comeza a repensar a súa vida. O seu fillo (William Reynolds) comeza a sospeitar que pode haber algo máis entre eles.



Entrevista con Douglas Sirk: «Trátase dunha película irónica sobre a vida americana»

Por Antonio Drove

Falemos de *Sempre hai un mañá*... É un dos meus últimos traballos e nel volví ao branco e negro sen estar forzado a facelo. Podería tela feito en cor pero sentín que a cor non era axeitada para esa película. A cor estaba moi ben para *O que o ceo permite*, que era un filme que o precisaba para os verdes e os vermellos. O vermello da palleira, o verde dos prados, o branco da neve... Nada diso ten importancia en *Sempre hai un mañá*, que non se trata da natureza e da xente que medra nela, de Thoreau e de Emerson; *Sempre hai un mañá* é un filme pesimista, moi pesimista. Coido que é o máis pesimista dos meus filmes incluíndo os feitos en Alemaña por tratar do van intento da humanidade por encontrarse a si mesma, de atopar iso que chamamos felicidade. Empurrando os días, agardando que a felicidade chegue, dicídonos a nós mesmos: “Sempre hai un mañá, sempre hai un mañá. A felicidade ha chegar”. Finxindo sermos felices, cando en realidade non o somos. Dalgún xeito, sendo ou ficando sempre na infancia. O protagonista deste filme é un home que segue a xogar como un neno... Viches o filme?

Si... e impresionoume moito a caracterización do personaxe de Fred MacMurray. Tamén o modo en que unha historia naturalista se converte nunha traxedia universal, mediante o tratamento estilístico. Fred MacMurray... unha excelente interpretación. Interpreta un home cuxa vida escorrega entre os seus dedos. Está orgulloso de construír xoguets. Subliñando o pesimismo de toda a historia, o filme empeza cun letreiro: “Era unha vez na soleada California...” e vese que está a chover a mares. É irónico, por suposto. *Sempre hai un mañá* trata da incapacidade de MacMurray de acadar a felicidade. Perdeu o seu amor porque no seu día o relegou fronte a outras cousas. Nunca fun quen de se entregar realmente a Barbara Stanwyck. No seu lugar agora ten outra muller coa que nunca foi realmente feliz.

A elección dos xoguets non é casual. Invení unha metáfora, un símbolo do “home mecánico”, un robot. Fred MacMurray como home de negocios, como fabricante de xoguets, cre que conseguiu algo grande ao inventar o seu xoguete do home mecánico, un xoguete que se move e fala cando se lle dá corda... e MacMurray non sé decata de que inventou unha metáfora de si mesmo. Ao remate da película MacMurray pon en marcha este robot que bota a andar cara á beira da mesa... O auténtico final era que o robot caía da mesa catapultado polo seu motor cara á nada. O estudio cortouno porque era un final moi trágico para eles. Por suposto que era trágico pero supúñase que así debía de ser nun filme pesimista.

É unha historia moi antiga esa... *Sempre hai un mañá* xera un gran contraste con *O que o ceo permite*. O ceo non permite moito á humanidade, pero polo menos permite o amor e iso é o que deixa crear aos dous amantes, contra a opinión da vila, os fillos e as circunstancias que tratan de destruír o seu amor. O contrapunto de *Sempre hai un mañá* é a crenza infantil de que o mañá vai ser mellor. Ilusiónate, sé un home, esquece a infelicidade, cómpre ser afortunado e feliz, crer que esta vida é a máis marabillosa do mundo. Este é un credo americano, así que non é só unha película pesimista, senón unha película irónica sobre a vida americana e as virtudes americanas. *Sempre hai un mañá* é un filme sinxelo pero, cando a vin despois de anos sen vela, debo confesa que me impresionou moito. E non son o tipo de home que se recrea coas cousas xa feitas. Son moi crítico co meu cinema.

Fragmento de *Tiempo de vivir, tiempo de revivir* (Antonio Drove, Athenaica, 2019)



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Tiempo de vivir, tiempo de
revivir,*
Antonio Drove.
Athenaica